

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 13 de novembro de 2013

Hora: 13:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Fernández Pena

Héctor Rodríguez Martínez

José Varela Pet

David Losada Carril (como invitado, pendente do nomeamento oficial como coordinador do MTIN)

Ausencias xustificadas:

Pablo García Tahoces, Julia González Álvarez

Punto único: Informes de seguimento.

O Sr. Director informa dunha serie de reunións relacionadas coa elaboración dos informes de seguimento das titulacións da ETSE. En relación á aplicación desenvolvida pola Vicerreitoría de Calidade, comenta que os documentos elaborados por esta son mellores que os de anos anteriores e poden ser de axuda para a elaboración dos informes. Sinala que o prazo para os informes remata o 15 de decembro, e antes desa data deben ser aprobados en primeiro lugar polas comisións das titulacións e posteriormente pola Comisión de Calidade (data prevista, o 12 de decembro).

Na reunión con membros da ACSUG incidiuse en que os informes son “unha avaliación do cumprimento da memoria do título”. Nos apartados do informe sobre obxectivos e alcance do seguimento deben indicarse que aspectos se avalían e como, así como valorar o cumprimento do proxecto establecido. O Sr. Director lembra que temos unha aplicación á nosa disposición que facilita a incorporación de información.

Prégase que se inclúan as accións de mellora no SGIC. Buscarase un apartado na web do centro para poñelas alí tamén.

O profesor Tomás Fernández indica que en relación ao Máster en Computación de Altas Prestacións, na aplicación aparecen dos másteres (MCAP e M. Interuniversitario) e ambos están baleiros: ningún ten información e parece que se perderon os indicadores. Proponse para este máster non usar a aplicación e elaborar o anexo de accións de mellora manualmente.

En relación aos documentos de axuda da aplicación, o Sr. Director recomenda ter especialmente en conta dada a súa utilidade os seguintes:

Documento 4. Orientacións... Incorpora un conxunto de táboas para cada un dos sete criterios a incluír no informe. Explica os criterios, como xerar as propostas de mellora, como debe estar accesible a información pública, e o énfase que debe poñerse en que as reflexións se fagan en

base a valores de indicadores: reflexión descriptiva sobre os valores dos indicadores fronte aos valores que se mencionan na memoria. Na páxina 4 inclúense indicacións sobre que é o que se lles pregunta aos avaliadores externos: se hai reflexión baseada en resultados concretos, se as propostas de mellora están relacionadas coa reflexión. Se se propoñen modificacións do título deben ser consecuencia das propostas de mellora.

Documento 6. Listaxe de Boas Prácticas. Recopila un conxunto de boas prácticas recollidas de informes de seguimento da USC. O Sr. Director expresa a súa idea de que un informe de seguimento debería recoller entre tres e seis accións de mellora relacionadas coa incorporación de boas prácticas á titulación correspondente. Non máis, para poder centrarse en acadalas.

Documento de axuda 7. Resumo de cuestións recollidas en informes de seguimento anteriores. Estructurado por temas: mobilidade, perfil de ingreso, etc.

O Sr. Director recomenda ler estes tres documentos antes de realizar os informes de seguimento.

Ábrese unha quenda de intervencións. O profesor José Varela (coordinador do GrEI) incide en que os documentos aclaran puntos de carácter práctico. Respecto á reunión coa ACSUG, destaca que se comentou que non é razoable enviar dous anos seguidos o mesmo informe. Tampouco se trata de abarcar todos os puntos nun ano. Sobre a aplicación informática, comenta que lle parece ben feita, aínda que custa adaptarse a tantas lapelas e apartados. Respecto á reunión co profesorado da titulación do Grao en Enxeñaría Informática, indica que aproveitouse para pedir axuda na elaboración dos informes. Asistiron ao redor de 20 profesores, e houbo aportacións interesantes, que se aproveitarán para o informe. Respecto aos indicadores, sobre a taxa de rendemento indica que se acadou o obxectivo. Respecto á taxa de abandono, parécelle unha taxa demasiado ambiciosa, e quizais habería que ver que se pode facer para mellorar.

O Sr. Director indica que os informes amosan que se trata dun proceso de mellora. Como documentación propia para o centro, habería que tratar de pechar as accións de mellora de cada curso coa descrición/reflexión sobre o seu cumprimento. No informe de seguimento do ano seguinte incluíranse aquelas reflexións que se consideren máis interesantes/relevantes.

Tanto o Sr. Director como o coordinador de GrEI consideran que é mellor descartar a Guía antiga da USC e quedarse coa Guía da ACSUG e os tres documentos anteriormente mencionados.

O profesor Héctor Rodríguez, coordinador do Grao en Enxeñaría Química, pregunta se a xestora non podería xerar a parte dos informes que fora común para todas as titulacións. O Sr. Director resposta que hai pouco material común para aproveitar.

O profesor Francisco Omil, coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental, pregunta se se fará unha reunión previa ou se fixará unha data para intercambiar ideas ou documentos como o ano anterior. O Sr. Director resposta que se fixará unha data (entorno ao 2 de decembro) para compartir información sobre os distintos borradores.

O profesor Héctor Rodríguez pregunta onde se poden consultar os informes anteriores. Indícaselle que están dispoñibles na Secretaría Administrativa do centro.

O profesor José Varela pregunta se se vai seguir facendo un informe máis extenso a maiores tal e como se viña facendo. O Sr. Director pide que o que se faga a maiores, se inclúa xa no informe da ACSUG e non se dupliquen informes.

O profesor Francisco Omil pregunta se os informes se farán públicos. O Sr. Director expresa as súas dúbidas sobre o interese que podan ter para o público, salvo as ligazóns que conteñen. A conclusión das reflexións sobre as accións de mellora si debería ser pública, pero a reflexión en si: o informe, non ten moito sentido. Datos como taxas de éxito, rendemento, valoración,... si que deberían ser públicos.

Para rematar, proponse elaborar unha plantilla de páxina da titulación (igual para todos os títulos) para incorporala en xaneiro á nova web do centro.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 14:00 h.